

CONVENIO ENTRE O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA POLO QUE SE INSTRUMENTA A SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A REALIZACIÓN DA SEGUNDA EDICIÓ DE CURSOS DE FORMACIÓN ESPECÍFICA, EN FORMA DE MICROCREDENCIAIS UNIVERSITARIAS.

Santiago de Compostela, na data da última sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha banda, dona Antía Sández Callejo , con DNI 33541419J, presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais, nomeada polo presidente da Xunta por Decreto 131/2022, do 19 de xullo (Diario Oficial de Galicia número 142, do 27 de xullo de 2022) que actúa en nome e representación do citado organismo, en virtude das facultades que lle confire o artigo 9 da Lei 5/2008, do 23 de maio, reguladora do Consello Galego de Relacións Laborais (Diario Oficial de Galicia número 112, do 11 de xuño de 2008).

E doutra banda, don Antonio López Díaz, Sr. Reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC) nomeado segundo Decreto 35/2022, de 17 de marzo (Diario Oficial de Galicia número 56, do 22 de marzo de 2022), actuando en nome e representación desta, en virtude das facultades que lle confiren os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro (Diario Oficial de Galicia número 29, do 12 de febreiro de 2014).

Ambas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos e recoñécense reciprocamente capacidade xurídica de contratar e de obrigarse nos termos do presente convenio.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que, ao abeiro das competencias conferidas pola citada Lei 5/2008, do 23 de maio, reguladora do Consello Galego de Relacións Laborais, e en virtude do disposto na recomendación do Consello do 16 de xuño de 2022, relativa ao enfoque europeo das microcredenciais para a aprendizaxe

e a empregabilidade, así coma na Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, que consagra a formación ao longo da vida como unha función básica da universidade (artigo 2.2), ambas partes consideran necesario colaborar na realización segunda edición de Cursos de Formación Específica, en forma de Microcredenciais Universitarias, e que comprenderán as seguintes temáticas:

Microcredencial 1ª - Habilidades negociais: 1,5 ECTS

- Habilidades negociais: 9h
- Estilos relacionais: 6h

T.4.1- negociar un acordo / comunicarse de forma profesional con colegas noutros campos

Microcredencial 2ª - Proceso negociador de convenios colectivos: 1,5 ECTS

- Suxeitos lexitimados e constitución: marco legal: 3h
- Proceso negociador: marco legal e posta en práctica: 3h
- Fin do proceso: 6h
- Comisión paritaria: 3h

K 421. Dereito do Traballo

S.1.1.1. Negociar e xestionar contratos e acordos

S.1.1.2. Encargarse da mediación e a resolución de litixios

S.1.5.1. Asesorar sobre cuestións xurídicas, regulamentarias ou de procedemento

Microcredencial 3ª - Contidos e cláusulas típicas dos convenios colectivos: 2 ECTS

- Marco legal e distribución de competencias: 1h
- Contratación: 2 h
- Salario: 3 h
- Clasificación profesional: 2 h
- Poder disciplinario: 1h
- Xornada e permisos: 4 h
- Dixitalización: 2h
- Teletraballo e desconexión dixital: 2h
- Taller práctico: redacción de cláusulas tipo 3h

K 421. Dereito do Traballo

S.1.1.1. Negociar e xestionar contratos e acordos

S.1.5.1. Asesorar sobre cuestións xurídicas, regulamentarias ou de procedemento

Segundo.- Que o Consello Galego de Relacións Laborais acordou en xuntanza da Comisión Permanente do 10 de decembro de 2025, a realización da II edición de Cursos de Formación Específica, en forma de microcredenciais universitarias, co obxecto de ofertar unha formación especializada breve, que ten como obxectivo posibilitar que as persoas adquiran, actualicen e melloren os coñecementos, habilidades e capacidades necesarios para prosperar nun mercado laboral e nunha sociedade en constante transformación (Recomendación do Consello Europeo do 16 de xuño de 2022). Estas actividades formativas de menos de 15 créditos ECTS, organizadas baixo a forma de microcredenciais, permitirán certificar resultados de aprendizaxe ligados a actividades formativas de corta duración, con independencia de que as persoas destinatarias posúan ou non unha titulación universitaria previa.

Terceiro.- Que de conformidade co establecido nos artigos 19.4.a) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, mediante este convenio instruméntase a concesión á Universidade de Santiago de Compostela da subvención prevista de forma nominativa na Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, nos termos recollidos neste convenio e na normativa reguladora destas subvencións.

Cuarto.- Que a Universidade de Santiago de Compostela se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, que non obtivo outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien este curso e que non incorre en ningunha das circunstancias contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para poder obter a condición de beneficiaria de axudas ou subvencións.

Quinto.- Que ao existir unha plena coincidencia entre as partes asinantes nos obxectivos perseguidos, así como a vontade de unir esforzos e colaborar nos seus respectivos ámbitos de actuación, acordan asinar este convenio, e facelo con base nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se instrumenta a concesión da subvención nominativa á Universidade de Santiago de Compostela para a realización da II edición de Cursos de Formación Específica, en forma de Microcredenciais Universitarias, conforme ao Regulamento de Estudos Propios da USC, aprobado polo Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela o 30 de marzo de 2023, e que se desenvolverá desde o 18 de febreiro ao 26 de marzo de 2026, en modalidade presencial, na facultade de Dereito da USC.

Segunda.- A Universidade de Santiago de Compostela e o Consello Galego de Relacións Laborais ofertan unha segunda edición de cursos de Formación Específica, en forma de Microcredenciais Universitarias, conscientes da demanda social neste eido, tendo como obxecto a formación e actualización de coñecementos, competencias e habilidades nos eidos que constitúen o seu obxecto.

Terceira.- As persoas destinatarias son estudantes e titulados en Dereito, Relacións Laborais e Recursos Humanos, Ciencias do Traballo, Ciencias económicas e empresariais e Administración e dirección de empresas; asemade, persoas responsables de recursos humanos, de prevención de riscos laborais, xefes de relacións laborais, asesores e cadros das organizacións sindicais e empresariais, e demais persoas non tituladas ou profesionais vencellados ao mundo das relacións laborais.

As organizacións empresarial e sindicais representadas no Consello Galego de Relacións Laborais (CEG, CIG, UGT Galicia e SN de CCOO de Galicia) proporán, para cada un dos cursos, ata un máximo de vinte (20) participantes. Unha vez recibida a relación de estudantes propostos polas mencionadas organizacións, será remitida dende este organismo á USC, aos efectos da súa inscrición e matrícula. Asemade, poderán inscribirse ata 5 alumnos/as con matrícula aberta a razón de 100 € crédito.

Os temas que se impartirán durante a realización deste curso son os que se relacionan no **Anexo I** a este convenio e a Universidade comprométese a facer entrega aos estudantes dos materiais utilizados para a súa impartición.

A dirección do curso poderá establecer, na correspondente proposta, os criterios de avaliación do alumnado que se consideren pertinentes. A superación do curso dará dereito á expedición dun certificado en formato electrónico acreditativo da formación recibida, previo aboamento da taxa que se estableza, no que constarán a denominación do curso, o número de créditos e as materias cursadas (artigo 11 do Regulamento de Estudos Propios da USC, aprobado polo Consello de Goberno o 30 de marzo de 2023). Asemade, farase entrega dunha acreditación específica de microcredencial universitaria dixital, na que se acreditarán as competencias e os resultados de aprendizaxe adquiridos. Os cursos de microcredenciais poderanse agrupar para acadar unha titulación maior, en función do número de créditos e dos requisitos de acceso, conforme á lexislación aplicable.

Cuarta.- Encoméndase a dirección dos tres Cursos de Formación Específica, en forma de Microcredenciais Universitarias a don José María Miranda Boto, Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social na Facultade de Dereito da USC, en representación da Universidade de Santiago de Compostela, e a codirección a dona Antía Sández Callejo, en representación do Consello Galego de Relacións Laborais.

Quinta.- O Consello Galego de Relacións Laborais contribuirá ao financiamento destes *cursos* mediante a achega de DEZAOITO MIL EUROS (18.000,00€) con cargo ao capítulo IV do seu orzamento, aplicación orzamentaria 14.B1.324A.444.12, denominada “Subvención á Universidade de Santiago de Compostela para curso formativo”, existindo crédito axeitado e suficiente segundo certificación expedida pola secretaria do organismo, que se xunta a este convenio como Anexo II.

A USC realizará os trámites de inscrición e matrícula de ata un máximo de 20 participantes, unha vez recibida a relación de estudantes propostos polas organizacións empresariais e sindicais representadas no Consello Galego de Relacións Laborais.

Sexta.- A Universidade de Santiago de Compostela, unha vez rematadas as actividades derivadas do curso obxecto do convenio, e, como data límite o 10 de decembro de 2026 xustificará a totalidade da contribución efectuada polo Consello Galego de Relacións Laborais, mediante certificación detallada e relación de facturas acreditativas dos gastos realizados e efectivamente pagados con anterioridade á

finalización do período de xustificación establecido, de conformidade co disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A antedita certificación será expedida polo órgano da universidade que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

Coa contribución efectuada polo Consello Galego de Relacións Laborais poderanse financiar os conceptos de gasto seguintes:

- Organización, coordinación e dirección do curso.
- Honorarios de profesorado e relatores.
- Gastos de desprazamento dos relatores e relatoras e do seu aloxamento, de ser o caso.
- Atencións protocolarias
- Gastos de material de imprenta, do aluguer de medios audiovisuais e demais necesarios para o bo funcionamento do curso, así como o pago dos seguros correspondentes aos estudantes propostos polo Consello Galego de Relacións Laborais.
- Custos indirectos da Universidade de Santiago de Compostela, ao abeiro do establecido no Regulamento de Estudos Propios da Universidade de Santiago de Compostela aprobado polo consello de goberno o 30 de marzo de 2023 e no recollido nos Orzamentos da USC para o ano 2026. Dos ingresos realizados en concepto de financiamento da actividade, aplicarase o 84% para a financiación da mesma e o 15% corresponderá aos costes indirectos de carácter xeral da USC e o 1% ao fondo de convenios.

O importe dos custos indirectos terá a consideración de pagamento a conta, polo que o importe restante, pendente de xustificación pola Universidade de Santiago, será aboado como se establece nas cláusula sexta do presente convenio.

No suposto de que os gastos que se xustifiquen fosen inferiores ao financiamento acordado, deducirase do pagamento final a parte non xustificada.

A Universidade de Santiago de Compostela presentará, no momento da finalización do período de xustificación, unha declaración complementaria á que se contén no expoñendo cuarto deste convenio, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para a mesma finalidade das distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, así como unha memoria descritiva do contido das accións desenvolvidas e dos resultados acadados, na que conste, entre outras, a relación e características dos participantes, e a súa valoración sobre o curso.

O Consello Galego de Relacións Laborais resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do gasto e, en concreto, a que acredite o pagamento das facturas relacionadas xunto á certificación.

Sétima.- A Universidade de Santiago de Compostela comprométese a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da axuda concedida.

Oitava.- A Universidade de Santiago de Compostela comprométese a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración orzamentaria do Consello Galego de Relacións Laborais, para o que respectando a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia, utilizará o logo do CGRL, organismo outorgante da subvención. A realización do curso tamén implicará que a Universidade beneficiaria da subvención asuma as obrigas enumeradas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Asemade, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, en aqueles preceptos que teñan a condición de lexislación básica.

A entidade beneficiaria deberá, igualmente, dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen o artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Novena.- O convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. As partes asinantes tamén consenten a publicación dos datos persoais e o resto das especificacións contidas no mesmo no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións. A Universidade de Santiago de Compostela, de conformidade co establecido nos artigos citados e na disposición adicional única do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, presta o seu consentimento expreso para incluír e facer públicos os datos relevantes do convenio nos Rexistros mencionados.

Décima.- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas, poderá dar lugar á súa modificación e ao reintegro das cantidades percibidas.

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Undécima.- A subscrición deste convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e o Consello Galego de Relacións Laborais, de tal xeito que non se lle pode esixir responsabilidade ningunha, directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

Duodécima.- Este convenio de colaboración terá natureza administrativa, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas e pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita lei; polos preceptos básicos da Lei 38/2003,

do 17 de novembro, xeral de subvencións e do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da dita lei. Asemade será de aplicación a Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o establecido no capítulo VI da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Para o seguimento da súa execución e o coñecemento de calquera discrepancia que poida xurdir sobre a súa interpretación, crearase unha Comisión Mixta, integrada por unha representación designada por cada unha das partes asinantes do convenio. No caso de que a discrepancia verse sobre cuestións que se refiran exclusivamente á subvención, se persistira, será resolta pola presidencia do Consello Galego de Relacións Laborais e a súa resolución, que porá fin á vía administrativa, poderá ser obxecto de recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser modificado unilateralmente pola Administración cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décima terceira.- As partes manifestan que coñecen e compren a lexislación europea en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 e conforme ao establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de *Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales*.

As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar as actividades formativas.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non se cederán a terceiros, salvo nos casos

en que exista unha obrigación legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

A entidade colaboradora adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

As partes autorizan a que os seus datos persoais consten no convenio, e mailo resto das especificacións nel contidas e a que podan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos, a criterio da Universidade de Santiago, unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

Décima cuarta.- O Consello Galego de Relacións Laborais poderá realizar actuacións de comprobación, en calquera momento, sobre a execución material das accións obxecto do convenio.

Décima quinta.- O incumprimento de calquera das cláusulas que regulan este convenio constituirá causa suficiente para a súa resolución.

Décima sexta.- Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, sen prexuízo de que serán obxecto de subvención as actividades que se desenvolverán desde o 18 de febreiro de 2026, de conformidade co establecido no artigo 2.1.b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e estenderá a

súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

Lido por ambas as dúas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no convenio, asínano e rubrícano por duplicado, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

A presidenta
do Consello Galego de Relacións Laborais

O reitor da Universidade de Santiago
de Compostela

Antía Sández Callejo

Antonio López Díaz

ANEXO I

PROGRAMA

II EDICIÓN DE CURSOS DE FORMACIÓN ESPECÍFICA EN NEGOCIACIÓN COLECTIVA DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS E DA USC EN FORMA DE MICROCREDENCIAIS UNIVERSITARIAS

DATAS E MODALIDADE: desde o 18 de febreiro ao 26 de marzo de 2026, en modalidade presencial, na facultade de Dereito da USC

MICROCREDENCIAL 1ª - HABILIDADES NEGOCIAIS: 1,5 ECTS

- Habilidades negociais: 9h 18/19/20 febreiro
- Estilos relacionais: 6h 23/24 febreiro

T.4.1- negociar un acordo / comunicarse de forma profesional con colegas noutros campos

MICROCREDENCIAL 2ª - PROCESO NEGOCIADOR DE CONVENIOS COLECTIVOS: 1,5 ECTS

- Suxeitos lexitimados e constitución: marco legal: 3h 25 de febreiro
- Proceso negociador: marco legal e posta en práctica: 3h 26 de febreiro
- Fin do proceso: 6h 3 e 4 de marzo
- Comisión paritaria: 3h 5 de marzo

K 421. Dereito do Traballo

S.1.1.1. Negociar e xestionar contratos e acordos

S.1.1.2. Encargarse da mediación e a resolución de litixios

S.1.5.1. Asesorar sobre cuestións xurídicas, regulamentarias ou de procedemento

MICROCREDENCIAL 3ª - CONTIDOS E CLÁUSULAS TÍPICAS DOS CONVENIOS COLECTIVOS: 2 ECTS

- Marco legal e distribución de competencias: 1h 9 de marzo
- Contratación: 2h 9 de marzo
- Clasificación profesional: 2h 11 de marzo
- Poder disciplinario: 1h 11 de marzo
- Xornada e permisos 4 h 17 de marzo
- Salario: 3 h 19 de marzo
- Dixitalización 2h 24 de marzo
- Teletraballo e desconexión dixital 2h 24 de marzo
- Taller práctico: redacción de cláusulas tipo 3h 26 de marzo

K 421. Dereito do Traballo

S.1.1.1. Negociar e xestionar contratos e acordos

S.1.5.1. Asesorar sobre cuestións xurídicas, regulamentarias ou de procedemento

ANEXO II

CRISTINA FABEIRO VARELA secretaria do Consello Galego de Relacións Laborais,

CERTIFICO

Que no orzamento do Consello Galego de Relacións Laborais para 2026 figura crédito, na aplicación 14.B1.324A.444.12, que se considera axeitado e suficiente para contribuír ao financiamento dos gastos derivados da realización da SEGUNDA EDICIÓN DE TRES CURSOS DE FORMACIÓN ESPECÍFICA, EN FORMA DE MICROCREDENCIAIS UNIVERSITARIAS mediante a achega de DEZAOITO MIL EUROS (18.000,00€) con cargo ao capítulo IV do seu orzamento e que terá lugar nos termos e prazos establecidos no presente convenio entre o Consello Galego de Relacións Laborais e a Universidade de Santiago polo que se instrumenta a subvención nominativa prevista na Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, e que serán aboados conforme aos prazos de xustificación e os conceptos subvencionables recollidos no propio convenio, agás os de matrícula, que será gratuita.

E para que conste, para os efectos oportunos, asino esta certificación en Santiago de Compostela.